

Plaza número: 20/7003

Número de plazas: 1

Categoría: Contrato Interino/a de Sustitución

Dedicación: Tiempo completo

Área de conocimiento: Derecho Civil

Departamento: Derecho Privado

Docencia: 612G01024 Derecho de la Contratación

612G01027 Derechos Reales

612G01016 Derecho de obligaciones y daños

Centro: Facultad de Derecho

Una vez que se ha visto la propuesta formulada por la Comisión encargada de juzgar el concurso para la provisión de la plaza arriba indicada,

Una vez que se ha visto el acuerdo adoptado por la Comisión de Reclamaciones en su reunión del 18 de septiembre de 2020, en el que ratifica la propuesta de la Comisión de Selección,

Este Rectorado, en uso de las facultades que le confiere el art. 36 de los Estatutos de la Universidad de A Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de mayo (DOG do 26), y en aplicación de lo dispuesto en el apartado 10 de la Normativa por la que se regula el procedimiento para la selección de personal docente e investigador interino y laboral contratado, que se aprueba por acuerdo del Consello de Goberno del 30 de abril de 2014, resuelve asignar la referida plaza al concursante **D./D<sup>a</sup>. NOELIA COLLADO RODRÍGUEZ**.

Contra la presente Resolución, que agota la vía administrativa, se podrá interponer un recurso contencioso-administrativo en el plazo de dos meses, que se contarán desde el día siguiente al de su notificación o publicación, de conformidad con el artículo 46 de la Ley 29/1998, do 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa. Previamente, y con carácter potestativo, se podrá interponer un recurso de reposición ante este Rectorado, en el plazo de un mes, de acuerdo con lo establecido en el artículo 123 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas (BOE de 2 de octubre de 2015).

A Coruña, en la fecha de la firma digital

El rector,

Julio Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	RZ5vFqZuR7vFGgwnv+pmIQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	22/09/2020 09:32:51
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/RZ5vFqZuR7vFGgwnv+pmIQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/RZ5vFqZuR7vFGgwnv+pmIQ==</a>		



Alberto Valderruten Vidal, vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente e presidente da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

**CERTIFICO:**

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida o día 18 de setembro de 2020, tomou os seguintes acordos en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

**Praza:** 20/7003

**Categoría:** Contrato Interino/a de Substitución

**Área de coñecemento:** Dereito Civil

**Departamento:** Dereito Privado

**Centro:** Facultade de Dereito

**Docencia:** 612G01024 Dereito de Contratación; 612G01027 Dereitos Reais; 612G01016 Dereito de Obrigas e Danos

**ACORDOS:**

Os membros da Comisión de Reclamacións, tras analizar a reclamación, presentada por **Dona Julia Ammerman Yebra**, a documentación correspondente á valoración de cada unha das probas e o informe realizado pola comisión encargada da selección da praza, ratifican todos os puntos do antedito informe e estiman axeitado o desenvolvemento do proceso selectivo ao adoeecer de defecto ningún e polo tanto a correcta valoración do proceso selectivo, ratificando a proposta da Comisión de Selección.

Incorpórase o informe da Comisión de Selección do 15/09/2020 a esta certificación co fin de que se proceda á súa publicación xunto coa resolución do concurso.

A Coruña, 18 de setembro de 2020

Código Seguro De Verificación	jQw/RKyEAFyJblxC9Sy6bA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	18/09/2020 13:19:27
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/jQw/RKyEAFyJblxC9Sy6bA==">https://sede.udc.gal/services/validation/jQw/RKyEAFyJblxC9Sy6bA==</a>		





**Praza número:** 20/7003

**Número de prazas:** 1

**Categoría:** Contrato Interino/a de Substitución

**Dedicación:** Tempo completo

**Área de coñecemento:** Dereito Civil

**Departamento:** Dereito Privado

**Docencia:** 612G01024 Dereito da Contratación

612G01027 Dereitos Reais

612G01016 Dereito de obrigas e danos

**Centro:** Facultade de Dereito

## INFORME DA COMISIÓN

(A cumprimentar no caso de reclamacións ou de proposta de non provisión da praza)

**INFORME** que rende a Comisión de Selección da Praza 20/7003, para a provisión dunha praza de *Profesor contratado interino de substitución* para a área de coñecemento de Dereito Civil (dedicación a tempo completo e docencia nas materias de *Dereito da Contratación; Dereitos reais e Dereito de obrigas e danos*) e, perante o escrito de reclamación e alegacións presentado con data 08 de setembro do 2020 pola interesada D.<sup>a</sup> JULIA AMMERMAN YEBRA, concursante na devandita Praza, á proposta de resolución elevada o reitor da UDC pola Comisión xulgadora do concurso de méritos na súa reunión do 02 de setembro do 2020 e publicada tanto no taboleiro da Facultade de Dereito, como a través da *web* da Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente da UDC.

De conformidade coa base 7.7 do presente concurso de selección, aprobada mediante Resolución reitoral do 07 de xullo do 2020, e publicadas no Taboleiro electrónico oficial da UDC con data 20 de xullo do 2020, e no DOG núm. 144, con data 20 de xullo do 2020, unha vez presentada reclamación ou alegacións en relación coa proposta de resolución da comisión xulgadora, procede que a Comisión xulgadora renda informe razoado sobre a mesma, para a súa elevación á Comisión de Reclamacións, quedando mentres tanto suspendida a resolución definitiva do presente concurso.

A tal efecto, e unha vez visto o contido da reclamación presentada polo interesada D.<sup>a</sup> JULIA AMMERMAN YEBRA, invocando a pretendida existencia de erros materiais ou aritméticos que afectarían ás puntuacións que lle foron outorgadas a alegante / recorrente, a Comisión nomeada ó efecto, reunida o día 14 de setembro do 2020, emite, por unanimidade dos seus membros, o informe que segue:

### **PRIMEIRO.- Alegacións respecto das puntuacións atribuídas a concursante no Bloque II (formación académica):**

- **Apartado II.1.** A candidata D.<sup>a</sup> JULIA AMMERMAN acadou a puntuación de 7,75 (cualificación medida obtida pola candidata no *Mestrado Universitario en Avogacía*), en tanto que se corresponde coa puntuación obtida no *Mestrado Universitario en Avogacía* cursado pola mesma, sen que proceda a súa multiplicación por 2, como pretende a alegante, en tanto que se trata dun Mestrado Universitario de contido xurídico, mais xeralista (exclusivamente 12 ECTS dos 90 ECTS do Mestrado é docencia propia da Área, de xeito que non se constata unha docencia relevante da Área no mesmo; e ademais o TFM realizado pola mesma versou sobre «*Licencias urbanísticas e ICIO, especial referencia a las liquidaciones del ICIO, el alcance de las licencias y la suspensión de su otorgamiento*» -que constitúe unha materia propia de Dereito tributario e non de Dereito civil ou sequera de Dereito privado-) e non propio ou cunha especial afinidade ou relación coas materias propias de Dereito civil que constitúen o obxecto da docencia da Praza obxecto do concurso de referencia.
- **Apartado II.2.** A recorrente considera que o mérito consistente na Tese de Doutoramento debería ter recibido a máxima das puntuacións posibles (30 puntos), canto a Comisión lle ten atribuído 24 puntos. A estes efectos, esquece a recorrente que, de conformidade cos criterios específicos de avaliación aprobados e publicados por esta Comisión, «*multiplicarase ata un máximo de 2,5 segundo a relevancia e afinidade coas materias*



Praza número: 20/7003

Número de prazas: 1

Categoría: Contrato Interino/a de Substitución

Dedicación: Tempo completo

Área de coñecemento: Dereito Civil

Departamento: Dereito Privado

Docencia: 612G01024 Dereito da Contratación

612G01027 Dereitos Reais

612G01016 Dereito de obrigas e danos

Centro: Facultade de Dereito

obxecto de docencia da praza». Os devanditos 24 puntos resultan da toma en consideración da cualificación recibida pola Tese de Doutoramento da que é autora (10 puntos, por ter recibido «Sobresainste *cum laude*»; mais 2 puntos pola mención de Doutoramento europeo ou internacional) multiplicada polo factor 2, tendo en conta, a xuízo desta Comisión que o título e o contido da Tese de Doutoramento é «*El derecho a la propia voz como derecho de la personalidad*» non ten ningunha especial relación coas materias que están asinadas a Praza obxecto deste concurso (*Dereito da Contratación; Dreitos reais e Dereito de obrigas e danos*). En efecto, a Tese de Doutoramento ten coma obxecto o estudo dun aspecto singular dun dereito subxectivo extrapatrimonial, en tanto que os contidos das tres materias que terá que impartir o docente que resulte contratado teñen, todas elas, como obxecto dereitos subxectivos de carácter ou contido patrimonial.

- **Apartado II.4.** Neste apartado, a Comisión atribúe a candidata 2 puntos polo nivel de coñecemento de inglés (intermedio, tendo en conta que acredita o nivel C1 do Marco europeo común de referencia e non o nivel C2) e 2,5 puntos polo nivel de coñecemento que acredita da lingua propia de Galicia (tendo en conta que acredita o nivel Celga 4 equivalente ó nivel C1 do Marco europeo común de referencia, consonte resulta da *Orde da Consellería de Cultura, Educación de Ordenación Universitaria do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega [Celga]*). Adicionalmente a candidata acredita a realización de 85,5 horas en cursos de docencia do programa de formación e innovación docente da USC, de xeito que aplicando a valoración atribuída dentro do baremo que resulta de aplicación (0,2 puntos por cada 10 horas acreditadas –a xuízo da Comisión non resulta acreditada a valoración coa puntuación máxima, dentro das permitidas dos cursos de formación realizados pola candidata–), resulta unha puntuación de 1,71 puntos.

**SEGUNDO.- Alegacións respecto das puntuacións atribuídas a concursante no Bloque III (experiencia docente):**

- **Apartado III.7.** A candidata recorrente non acredita ningún dos méritos que consonte o Baremo que resulta de aplicación deben ser tomados en consideración neste apartado, canto non alega, nin acredita a existencia de docencia regrada noutras institucións universitarias e en particular, a dirección de teses de licenciatura, titorización de DEA, materias/seminarios de libre elección non incluídas no plan de estudos, nen tampouco formar parte de grupos departamentais de calidade. Dunha puntuación máxima de 5 puntos, a Comisión atribúe a candidata 1 punto pola acreditación do DDU na USC. Os demais pretendidos méritos invocados neste apartado non teñen relación algunha nin coa docencia, nin tampouco coa investigación.

**TERCEIRO.- Alegacións respecto das puntuacións atribuídas a concursante no Bloque IV (producción investigadora):**

- **Apartado IV.2.** A candidata recorrente acredita a autoría de 8 artigos científicos publicados en revistas periódicas indexadas en LATINDEX (dos que só 4 son publicados en revistas que cumpren mais de 32 criterios), dos que 4 son en coautoría. Tendo en contas os criterios de valoración do Baremo, a Comisión atribúe unha valoración de 1,5 puntos os artigos

Praza número: 20/7003

Número de prazas: 1

Categoría: Contrato Interino/a de Substitución

Dedicación: Tempo completo

Área de coñecemento: Dereito Civil

Departamento: Dereito Privado

Docencia: 612G01024 Dereito da Contratación

612G01027 Dereitos Reais

612G01016 Dereito de obrigas e danos

Centro: Facultade de Dereito

científicos de autoría única e 1 punto os publicados en coautoría. A suma destas puntuacións determinan o resultado dos 10 puntos outorgados neste apartado (consonte os criterios de avaliación específicos aprobados e publicados por esta Comisión, a produción investigadora deste Bloque IV, no caso de ser «*en materias propias da área de Dereito civil multiplícase por 1*»), incluso sen considerar que dúas destas aportacións, en rigor, non son artigos científicos ou de investigación, canto que se trata de sendas crónicas xurisprudencias e de lexislación (o que, en rigor, debería reducir a súa puntuación).

**CUARTO.- Alegacións respecto das puntuacións atribuídas a concursante nos Bloques V e VI (experiencia investigadora relacionada coa Área e actividade profesional relacionada coa praza, fóra do ámbito académico universitario):**

- **Apartado V.7.** Neste apartado, a candidata alegante acredita ter acadado o Premio de investigación xurídica "Rosario Valpuesta" e ser finalista do "Premio Jóvenes Laboralistas Forelab 2014", motivo polo que se lle atribúe por esta Comisión unha puntuación de 1 punto (a metade da máxima posible). Os méritos adicionais que, nesta fase de alegacións, a candidata pretende que, de xeito subsidiario, de ser o caso, pretende que se valoren neste apartado non resultan axeitados a este propósito, canto que se trata de méritos consistentes en formar parte, en calidade de alumna de Grao ou de Posgrao e Doutoramento de comisións ou órganos colexiados que non poden ser considerados relevantes para ao perfil da praza con dedicación a tempo completo nin como méritos docentes nin como méritos investigadores, e tampouco se trata de actividades profesionais que merezan ou deban ser obxecto de valoración por esta Comisión.
- **Bloque VI.** No *curriculum vitae* achegado pola candidata, esta Comisión non acha ningún mérito susceptible de ser considerado e valorado nin coma actividade profesional, nin como titorización de prácticas externas (por outra parte, tampouco alegados no propio c.v. presentado a efectos deste Concurso).

Tomando en consideración canto resulta exposto, a Comisión considera que non concorre erro material ou aritmético algún nas puntuacións acadadas pola candidata recorrente.

A Coruña, 15 de setembro de 2020

Vº. e Pr.  
O presidente,



O secretario,

